

## LÍNGUA GALEGA E LITERATURA

### OPCIÓN 1

2 Nai quixo detelo varias veces, e outras tantas desfaciase dela cun garapaldo e unha ameaza. Só  
cando ela lle berrou **que** non me pegase máis, **que** ela fora onda o Manuel e non eu, entón pai detívose e,  
resollando, bruou:

4 —Ti tamén, puta!

—Si, eu tamén! —chantoulle miña nai, decidida a detelo—. Se che vale así, eu tamén!

6 Pola miña cabeza, ademais do odio feroz cara a aquel home, lampexou entón outra teima, a dos  
ciumes, a da desconfianza na persoa coa **que** vives e **que** che aguilloa o siso até non deixarte amañar cada  
8 minuto de vixilia que se che concede.

10 Era posible algo así naquela casa? Sería capaz aquel pai cun cinto na man de verse maltratado  
por esa paixón? Estivera eu tan cega como para nin presentila? Parva era pouco chamarme. Parvallana,  
estúpida e babeca acaería mellor, matinei entre o alivio das cintoladas **que** nai evitara facendo de pandote.

Xabier Quiroga, 2004.

### BLOQUE I

1.- Indica cal é o tema do texto e fai unha síntese del. (1 punto)

2.- Expón a túa opinión persoal sobre a violencia familiar. (Mínimo 20 liñas) (2 puntos)

### BLOQUE II

3.- Indica se é aberta ou pechada a vogal tónica das seguintes palabras: *detelo* (liña 1), *tamén* (liñas 4 e 5), *feroz* (liña 6), *aquel* (liñas 6 e 9), *home* (liña 6). (1 punto)

4.- Indica o significado que teñen no texto as seguintes palabras: *resollando* (liña 3), *chantoulle* (liña 5), *lampexou* (liña 6), *teima* (liña 6), *aguilloa* (liña 7). Non son válidas as definicións só con sinónimos. (1 punto)

5.- Indica os valores dos cinco *que* resaltados no texto (en negriña e subliñados). (1 punto)

6.- A normalización lingüística do galego. Estado actual e perspectivas da lingua galega. (Mínimo 15 liñas) (1 punto)

### BLOQUE III

7.- Os modelos narrativos de finais do século XX. Características. Autores e obras. (Mínimo 20 liñas) (3 puntos)

## **LÍNGUA GALEGA E LITERATURA**

### **OPCIÓN 2**

Inmaculada Echevarría é unha muller de 51 anos que padece distrofia muscular progresiva. Isto supúxolle vivir os últimos dez anos conectada a un respirador; pediu ser desconectada para morrer dignamente, pois di que non ten medo á morte.

O particular do seu caso é que está hospitalizada nun centro relixioso andaluz, o Hospital de San Rafael, que leva a orde de San Juan de Dios. O equipo de bioética do centro e o comité de ética asistencial da orde relixiosa analizaron o caso e decidiron acceder á petición, como xa o fixera a Comisión de Ética de Andalucía. Consideran «de forma inequívoca a ausencia de obxeccións de carácter ético» na petición de Inmaculada e a súa «adecuación ao dereito», segundo nota feita pública. Aseguran que todo se vai realizar co respecto debido á paciente, nos aspectos técnicos, humanos e morais.

Pero os cardeais Antonio Cañizares (Toledo) e Carlos Amigo (Sevilla) non ven así as cousas, e chegaron a cualificar o feito de «eutanasia ilexítima» e homicidio, «un atentado contra a dignidade humana». En troques, outros relixiosos como o prestixioso teólogo xesuíta Juan Masiá, especialista en bioética, pensan que a decisión está de acordo coa «máis tradicional moral católica»; por iso manifestou que hai que dicirlles a estes cardeais «que repasen a súa teoloxía moral», porque «o que mata é a enfermidade, non a retirada do soporte que prolonga artificialmente a agonía».

Así me parece a min, que levo na miña carteira un testamento vital —que fixo en tempos a mesma Conferencia Episcopal— no que asino que, aínda que a vida material é un don de Deus, «non é o valor supremo», acábase antes ou despois; polo que pido que «non se me manteña» nela «por medio de tratamentos desproporcionados» (o que se ten chamado «encarnizamento terapéutico») e tamén que se me apliquen medios «adecuados para paliar os meus sufrimentos». Non é o mesmo «matar por misericordia», como facía aquela enfermeira chamada Anxo da Morte, que manter a unha persoa artificialmente unida a unha vida que xa non ten unha calidade digna. Deus é misericordia compasiva.

Victorino P. Prieto, *La Voz de Galicia*, 10-03-2007.

### **BLOQUE I**

1.- Fai un esquema coas ideas principais e secundarias do texto. (1 punto)

1.- Expón a túa opinión persoal sobre as ideas que se transmiten no texto. (Mínimo 20 liñas) (2 puntos)

### **BLOQUE II**

3.- Sinala os sufixos das seguintes palabras e indica o seu valor: *muscular* (liña 1), *respirador* (liña 2), *prestixioso* (liña 12), *tradicional* (liña 13), *sufrimentos* (liña 20). (1 punto)

4.- Indica un sinónimo do significado que no texto teñen as seguintes palabras: *morrer* (liña 2), *petición* (liña 6), *ético* (liña 7), *homicidio* (liña 11), *enfermidade* (liña 15). (1 punto)

5.- Analiza sintacticamente a seguinte oración: *Inmaculada Echevarría é unha muller de 51 anos que padece distrofia muscular progresiva*. (1 punto)

6.- A diversidade plurilingüe e pluricultural de España. Identificación das linguas, territorio que ocupan e marco legal no que se desenvolven. (Mínimo 15 liñas) (1 punto)

### **BLOQUE III**

7.- A xeración Nós. Características. Autores e obras. (Mínimo 20 liñas) (3 puntos)

## LÍNGUA GALEGA E LITERATURA

### OPCIÓN 1

- 2 Ela chámame todo o tempo á casa de miña nai,  
eu vivo con miña nai e vou facer corenta anos  
¿ti decátaste do que iso significa?
- 4 Miña nai leva corenta anos manténdome  
**Iso** pásalle a calquera
- 6 Síntome coma un inútil, coma un parasito inútil  
Pero non home non, que cousas tes, iso pásalle a calquera
- 8 Ela chámame todo o tempo á casa de miña nai  
Teño as fiestras da casa **desarmadas**
- 10 teño a roupa no tendal comprado en Alcampo  
vinte e cinco euros, encartable, moi práctico
- 12 Quero ser útil, quero ser adulto, quero ser un home  
pero miña nai faino todo, absórbeo **todo**
- 14 Non me deixa facer **a bechamel**, nin tampouco a maionesa  
Iso pásalle a calquera, dime palabras
- 16 Este é o caso: vivo coa miña nai e ela anuláme como home  
Pero quérete, ¿non?
- 18 Tamén Hitler quería Francia  
Ti non te podes comparar con Francia,
- 20 careces de Saint Sulpice,  
por non falar de langue d'oc

Xosé Cid Cabido, 2003.

### BLOQUE I

- 1.- Ponlle un título que lle acaia ben a este texto e fai unha síntese del. (1 punto)
- 2.- Expón por escrito a túa reflexión persoal sobre as razóns polas que a xuventude abandona cada vez máis tarde o fogar paterno. (Mínimo 20 liñas) (2 puntos)

### BLOQUE II

- 3.- Segmenta morfoloxicamente as seguintes palabras indicando o valor de cada un dos morfemas: *manténdome* (verso 4), *desarmadas* (verso 9), *encartable* (verso 11), *careces* (verso 20). (1 punto)
- 4.- Indica un sinónimo e un antónimo das seguintes palabras: *inútil* (verso 6), *comprado* (verso 10), *práctico* (verso 11), *fai* (verso 13), *quería* (verso 18). (1 punto)
- 5.- Indica a función sintáctica que desempeña na súa oración cada un dos catro fragmentos destacados (en negra e subliñados) no texto. (1 punto)
- 6.- O galego do 1975 á actualidade. Marco legal. (Mínimo 15 liñas) (1 punto)

### BLOQUE III

- 7.- Noriega Varela e Ramón Cabanillas. Obras representativas e características da súa escrita. (Mínimo 20 liñas) (3 puntos)

## **LÍNGUA GALEGA E LITERATURA**

### **OPCIÓN 2**

2 Polo que respecta ao número de falantes, é frecuente a argumentación a favor das linguas  
3 multimillonarias sobre a base dunhas posibilidades hipotéticas de comunicación. Dende o punto de vista  
4 das estatísticas, está claro que os falantes do chinés mandarín se poden comunicar con máis xente cós que  
5 teñen coma lingua propia (¡pobres!) o inglés. Xa se ve, intuitivamente, que iso das estatísticas non acaba  
6 de cadrar (seguramente coñeceredes o chiste sobre aquela aldea de cen habitantes, o seu amo tiña cen  
7 vacas, mentres que os outros non tiñan ningunha: as estatísticas daban coma feliz resultado que cada  
8 habitante tiña unha vaca). Pola súa banda os gregos só (¿só?) poden falar con dez millóns de persoas, e un  
9 castelán falante pódese comunicar con trescentos millóns. ¿Quen e cando? Cómpre baixar das nubes  
10 estatísticas para pisar a boa terra da realidade: os falantes normais (non os altísimos executivos, os  
11 diplomáticos e os catedráticos), os que traballan cada día e saen da casa, collen o metro, chegan á oficina  
12 e, se cadra, veranean nun apartamento de beiramar (terceira liña de mar) a oitenta quilómetros da súa  
13 casa, estes non soñan con millóns; e teñen bastante sorte se poden contar cos dedos das mans o puñado de  
14 boas amizades que lles fan a vida agradable. Cómpre ver claro: se se precisa outra lingua, xa se aprenderá  
15 de boa gana e sen complexos; e o que non se pode facer (porque non é ético) é valorar as linguas de máis  
16 a menos por causa do número dos seus falantes: unha lingua é o patrimonio dun pobo, é parte dos seus  
sinais de identidade. E, en cuestións de identidade, as estatísticas non teñen nada que dicir, nada que ver.

Jesús Tusón (traducido), 1990.

### **BLOQUE I**

- 1.- Sinala cal é a estrutura do texto. (1 punto)
- 2.- Expón a túa opinión crítica sobre o que o autor di no texto. (Mínimo 20 liñas) (2 puntos)

### **BLOQUE II**

- 3.- Indica por que leva acento gráfico a palabra *cómpre* (liñas 8 e 13). Escribe outras 4 palabras que leven acento gráfico pola mesma razón. (1 punto)
- 4.- Explica o significado que no texto teñen as seguintes palabras: *hipotéticas* (liña 2), *intuitivamente* (liña 4), *diplomáticos* (liña 10), *complexos* (liña 14), *ético* (liña 14). Non son válidas as definicións só con sinónimos. (1 punto)
- 5.- Analiza sintacticamente a seguinte oración: *Xa se ve que iso das estatísticas non acaba de cadrar*. (1 punto)
- 6.- O conflito lingüístico. Definición, causas e consecuencias. (Mínimo 15 liñas) (1 punto)

### **BLOQUE III**

- 7.- Tendencias actuais da lírica, da narrativa, da dramática e da ensaística. (Mínimo 20 liñas) (3 puntos)

## CONVOCATORIA DE XUÑO

### **OPCIÓN 1**

#### **PREGUNTA 1:** 1 punto

Con esta pregunta preténdese avaliar a comprensión do texto e a capacidade que o alumnado ten para sintetizalo, indicando o tema e unha reescrita que o condense.

#### **PREGUNTA 2:** 2 puntos

Con esta cuestión quérese avaliar a capacidade do alumnado para elaborar un xuízo crítico, ben organizado e argumentado, sobre o aspecto indicado. Preténdese observar igualmente a súa competencia para expresar eses xuízos nunha composición organizada e cunha expresión lingüística correcta e eficaz.

Concederanse 2 puntos cando a redacción exprese con claridade as opinións, presente teses e argumentos de xeito ordenado, haxa boa organización e secuenciamento lóxico, posúa unha estrutura progresiva e a expresión sexa fluída.

Concederanse 1,5 puntos cando a redacción presente algunha confusión, ambigüidade ou incongruencia na expresión, repetición de ideas -aínda que estean expostas con claridade-, haxa unha organización pouco rixida do texto, os argumentos non estean ben ordenados e a expresión non sexa fluída.

Concederase 1 punto cando a redacción sexa deficiente, non se expresen con orde nin claridade as opinións, haxa pouca organización do contido, as ideas aparezan confusas e mal conectadas e a redacción non teña un secuenciamento lóxico.

Concederanse 0,5 puntos cando a redacción e a organización do texto sexan deficientes, haxa repeticións innecesarias, o texto non teña cohesión e resulte difícil a comprensión da intención comunicativa.

Non se concederán puntos cando a redacción sexa moi deficiente, non haxa organización do texto e as ideas aparezan dispersas e inconexas.

#### **PREGUNTA 3:** 1 punto

Cada vogal tónica da que se indique correctamente o seu grao de abertura valorarase con 0,2 puntos.

Son pechadas as vogais tónicas de *detelo* e *aquel*, as demais son abertas.

#### **PREGUNTA 4:** 1 punto

Por cada palabra ben definida concederanse 0,2 puntos.

Preténdese valorar que o alumnado coñeza o significado que ten no texto a palabra indicada e que teña capacidade para explicar este significado. Non é precisa unha definición lexicográfica rigorosa. Non será válida a resposta cando só conteña sinónimos ou tradución a outra lingua.

#### **PREGUNTA 5:** 1 punto

Cada un dos *que* que se clasifique correctamente valorarase con 0,2 puntos.

Preténdese que o alumnado indique, cando menos, se en cada un dos *que* estamos ante un pronome ou unha conxunción. No caso de que indique a súa función sintáctica será tamén válido porque se entende que o alumno percibe que é un pronome.

Os valores dos cinco *que* do texto son os seguintes:

- Liña 2: *...berrou **que** non me pegase...*: Conxunción completiva (considerarase válida a resposta se o alumnado indica que é conxunción ou que é completiva).

- Liña 2: *...máis, **que** ela fora...*: Conxunción completiva (considerarase válida a resposta se o estudante indica que é conxunción ou que é completiva).

- Liña 7: *...persoa coa **que** vives...*: Pronome relativo (considerarase válida a resposta se o discente indica que é pronome, que é relativo, que é pronome relativo, ou que forma parte do complemento circunstancial ou do termo dunha frase preposicional).

- Liña 7: *...e **que** che aguilloa...*: Pronome relativo (considerarase válida a resposta se se indica que é pronome, que é relativo, que é pronome relativo ou que desempeña a función de suxeito).

- Liña 11: *...cintoladas **que** nai...*: Pronome relativo (considerarase válida a resposta se o alumnado indica que é pronome, que é relativo, que é pronome relativo, ou que desempeña a función de obxecto directo, complemento directo ou denominacións equivalentes).

#### **PREGUNTA 6:** 1 punto

Preténdese que o alumno demostre o seu coñecemento sobre a evolución e situación actual do proceso normalizador do galego e as perspectivas que se poden albiscar para o futuro.

#### **PREGUNTA 7:** 3 puntos

O alumnado deberá expresar os seus coñecementos sobre os modelos narrativos que se observan na

literatura galega a finais do século XX. Aínda que se debe facer mención ós autores e obras máis representativos deste período, non se considerará correctamente respondida esta pregunta cando se limite a unha listaxe de autores e obras. Terase en conta tamén a coherencia da composición, a súa correcta estruturación e a expresión axeitada.

## **OPCIÓN 2**

### **PREGUNTA 1:** 1 punto

Con esta pregunta preténdese avaliar a comprensión do texto e a capacidade que o alumnado ten para visualizar a súa estrutura xerárquica por medio da indicación das ideas principais e secundarias.

### **PREGUNTA 2:** 2 puntos

Con esta cuestión quérese avaliar a capacidade do alumnado para elaborar un xuízo crítico, ben organizado e argumentado, sobre o que se comenta no texto. Preténdese observar igualmente a súa competencia para expresar eses xuízos nunha composición organizada e cunha expresión lingüística correcta e eficaz.

Concederanse 2 puntos cando a redacción exprese con claridade as opinións, presente teses e argumentos de xeito ordenado, haxa boa organización e secuenciamento lóxico, posúa unha estrutura progresiva e a expresión sexa fluída.

Concederanse 1,5 puntos cando a redacción presente algunha confusión, ambigüidade ou incongruencia na expresión, repetición de ideas -aínda que estean expostas con claridade-, haxa unha organización pouco ríxida do texto, os argumentos non estean ben ordenados e a expresión non sexa fluída.

Concederase 1 punto cando a redacción sexa deficiente, non se expresen con orde nin claridade as opinións, haxa pouca organización do contido, as ideas aparezan confusas e mal conectadas e a redacción non teña un secuenciamento lóxico.

Concederanse 0,5 puntos cando a redacción e a organización do texto sexan deficientes, haxa repeticións innecesarias, o texto non teña cohesión e resulte difícil a comprensión da intención comunicativa.

Non se concederán puntos cando a redacción sexa moi deficiente, non haxa organización do texto e as ideas aparezan dispersas e inconexas.

### **PREGUNTA 3:** 1 punto

Por cada palabra da que indique correctamente o seu sufixo e o valor que ten concederanse 0,2 puntos. Se só se indica o sufixo, puntuarase con 0,1 puntos. No

que se refire ó valor, considerase válido tanto que o alumno indique o valor semántico coma o valor categorial do sufixo (chega con indicar só un dos tipos de valores para considerarse correcta a resposta).

Se se indica o valor semántico, espérase que o alumnado consigne, de xeito aproximado, o significado que o sufixo lle engade á base. Deberíanse indicar estes valores semánticos:

- *Muscular*: Sufixo *-ar*. O seu valor é o de: *relativo ó que indica a base* (ou resposta máis ou menos equivalente, sen esixir rigorosidade).

- *Respirador*: Sufixo *-dor*. O seu valor é o de: *que realiza a acción indicada pola base* ou *que serve para realizar a acción indicada pola base* (ou resposta máis ou menos equivalente, sen esixir rigorosidade).

- *Prestixioso*: Sufixo *-os(o)*. O seu valor é o de: *que ten a calidade indicada pola base*.

- *Tradicional*: Sufixo *-al*. O seu valor é o de: *relativo ou relacionado co que indica a base* ou *que ten as características do que indica a base* (ou resposta máis ou menos equivalente, sen esixir rigorosidade).

- *Sufrimentos*: Sufixo *-mento(s)*. O seu valor é o de: *efectos ou estados que se derivan da acción indicada pola base*, ou mesmo *a propia acción indicada pola base* (ou resposta máis ou menos equivalente, sen esixir rigorosidade).

Se se indica o valor categorial, espérase que o alumnado consigne a categoría gramatical sobre a que se aplica e a categoría gramatical da palabra derivada. A respostas correctas serían as seguintes:

- *Muscular*: Sufixo *-ar*. Serve para formar adxectivos a partir de substantivos.

- *Respirador*: Sufixo *-dor*. Serve para formar substantivos(ou substantivos e adxectivos) a partir de verbos.

- *Prestixioso*: Sufixo *-os(o)*. Serve para formar adxectivos a partir de substantivos.

- *Tradicional*: Sufixo *-al*. Serve para formar adxectivos a partir de substantivos.

- *Sufrimentos*: Sufixo *-mento(s)*. Serve para formar substantivos a partir de verbos.

### **PREGUNTA 4:** 1 punto

Para cada palabra da que se indique un sinónimo correcto concederanse 0,2 puntos. Para ser correcto o sinónimo debe ser unha palabra galega e estar grafada sen erros ortográficos.

Se o alumno indica varios sinónimos para a mesma palabra, concederánselle unicamente 0,2 puntos polo

conxunto de sinónimos. Se indicase varios e algún deles fose claramente incorrecto, non se lle concedera ningunha puntuación nesa resposta.

### **PREGUNTA 5:** 1 punto

Valorarase que na análise se perciba a xerarquía dos elementos da oración e as relacións entre eles, por medio da indicación das funcións sintácticas.

As funcións oracionais son as seguintes:

- *Inmaculada Echevarría*: Suxeito (ou denominacións equivalentes).

- *é*: Verbo / Cópula / Predicado / Núcleo do predicado (ou denominacións equivalentes).

- *unha muller de 51 anos que padece distrofia muscular progresiva*: Atributo / Predicativo do suxeito (ou denominacións equivalentes).

- *que padece distrofia muscular progresiva*: Subordinada adxectiva / Subordinada de relativo (ou denominacións equivalentes).

- *que*: Suxeito (ou denominacións equivalentes).

- *padece*: Verbo / Predicado / Núcleo do predicado (ou denominacións equivalentes).

- *distrofia muscular progresiva*: Complemento directo / Obxecto directo (ou denominacións equivalentes)

### **PREGUNTA 6:** 1 punto

Preténdese que o alumno demostre o seu coñecemento sobre as linguas existentes no estado español,

ofrecendo datos sobre o territorio que ocupan e a situación legal na que se atopan.

### **PREGUNTA 7:** 3 puntos

O alumnado deberá expresar os seus coñecementos sobre a literatura da xeración Nós. Aínda que se debe facer mención ós autores e obras máis representativos deste período, non se considerará correctamente respondida esta pregunta cando se limite a unha listaxe de autores e obras. Terase en conta tamén a coherencia da composición, a súa correcta estruturación e a expresión axeitada.

Ademais dos contidos conceptuais tamén se terá en conta a corrección lingüística do exame, polo que sobre a cualificación global se poderán descontar ata un máximo de 2 puntos por erros ortográficos. Os erros poderán ser:

- **Moi graves**: Aquelas solucións que son alleas ó sistema lingüístico do galego (tempos compostos, mala colocación do pronome persoal átono...). Descontaranse 0,2 puntos.

- **Graves**: Solucións ortográficas contrarias á norma lingüística (*b/v, h, y...*). Acentuación diacrítica. Descontaranse 0,1 puntos.

- **Leves**: Solucións galegas alleas ó estándar vixente. Acentuación non diacrítica. Penalizaranse con 0,05 puntos.

Só serán aceptadas as solucións ortográficas marcadas polas vixentes *Normas* do 2003.

## CONVOCATORIA DE SETEMBRO

### **OPCIÓN 1**

#### **PREGUNTA 1:** 1 punto

Con esta pregunta preténdese avaliar a comprensión do texto e a capacidade que o alumnado ten para sintetizalo, indicando un título e unha reescrita que o condense.

#### **PREGUNTA 2:** 2 puntos

Con esta cuestión quérese avaliar a capacidade do alumnado para elaborar un xuízo crítico, ben organizado e argumentado, sobre o aspecto indicado. Preténdese observar igualmente a súa competencia para expresar eses xuízos nunha composición organizada e cunha expresión lingüística correcta e eficaz.

Concederanse 2 puntos cando a redacción exprese con claridade as opinións, presente teses e argumentos de xeito ordenado, haxa boa organización e secuenciamento lóxico, posúa unha estrutura progresiva e a expresión sexa fluída.

Concederanse 1,5 puntos cando a redacción presente algunha confusión, ambigüidade ou incongruencia na expresión, repetición de ideas -aínda que estean expostas con claridade, haxa unha organización pouco rixida do texto, os argumentos non estean ben ordenados e a expresión non sexa fluída.

Concederase 1 punto cando a redacción sexa deficiente, non se expresen con orde nin claridade as opinións, haxa pouca organización do contido, as ideas aparezan confusas e mal conectadas e a

redacción non teña un secuenciamento lóxico.

Concederanse 0,5 puntos cando a redacción e a organización do texto sexan deficientes, haxa repeticións innecesarias, o texto non teña cohesión e resulte difícil a comprensión da intención comunicativa.

Non se concederán puntos cando a redacción sexa moi deficiente, non haxa organización do texto e as ideas aparezan dispersas e inconexas.

### **PREGUNTA 3:** 1 punto

Por cada palabra segmentada correctamente, indicando acertadamente o valor de cada un dos morfemas, concederanse 0'25 puntos. Se está ben segmentada pero non é correcta a indicación do valor, só se concederán 0'1 puntos por esa palabra (se non se indique o valor do morfema que funciona como raíz, tamén se dará a resposta como válida).

A segmentación correcta é a seguintes:

- *Mant-e-ndo-me. Mant-*: Raíz / radical / base / lexema (ou denominacións equivalentes); *-e-*: Vogal temática; *-ndo-*: Sufixo/desinencia de modo e tempo ou sufixo/desinencia de xerundio; *-me*: pronome persoal/clítico. (Tamén se puntuará como válida a segmentación sen delimitar a vogal temática, considerándoa, xa que logo, como parte da raíz).

- *Des-arm-a-d-a-s. Des-*: Prefixo; *-arm-*: Raíz / radical / base / lexema (ou denominacións equivalentes); *-a-*: Vogal temática; *-d-*: Sufixo/desinencia de modo e tempo ou sufixo/desinencia de participio; *-a-*: Sufixo de xénero; *-s*: Sufixo de número. (Tamén se puntuará como válida a segmentación sen delimitar a vogal temática, considerándoa, xa que logo, como parte da raíz).

- *En-carta-ble. En-*: Prefixo; *-carta-*: Raíz / radical / base / lexema; *-ble*: Sufixo. (Tamén se considerará correcto separar o *-a-* como vogal temática).

- *Carec-e-s. Carec-*: Raíz / radical / base / lexema (ou denominacións equivalentes); *-e-*: Vogal temática. *-s*: Sufixo/desinencia de número e persoa. (Tamén se puntuará como válida a segmentación sen delimitar a vogal temática, considerándoa, xa que logo, como parte da raíz).

### **PREGUNTA 4:** 1 punto

Por cada sinónimo ou antónimo sinalado correctamente concederanse 0'1 puntos. Para que sexa considerada válida unha forma deberá ser unha forma galega e estar grafada sen faltas de ortografía.

Se o alumno indica varios sinónimos ou antónimos para a mesma palabra,, só se terá en conta o primeiro deles.

### **PREGUNTA 5:** 1 punto

Concederase 0'25 por cada fragmento do que se indique correctamente a función sintáctica.

As funcións que desempeñan son as seguintes:

- *Iso*: Suxeito (ou denominacións equivalentes).

- *desarmadas*: Complemento predicativo / Predicativo do obxecto directo / Atributo (ou denominacións equivalentes).

- *todo*: Complemento directo / Obxecto directo (ou denominacións equivalentes).

- *a bechamel*: Complemento directo / Obxecto directo (ou denominacións equivalentes).

### **PREGUNTA 6:** 1 punto

Preténdese que o alumno demostre o seu coñecemento sobre a situación da lingua galega a partir do ano 1975, facendo mención especial ó seu marco legal e á súa evolución.

### **PREGUNTA 7:** 3 puntos

O alumnado deberá expresar os seus coñecementos sobre os autores mencionados. Non se considerará correctamente respondida esta pregunta cando se limite a unha listaxe de datas e obras, senón que se esixirá facer referencia ás características delas. Terase en conta tamén a coherencia da composición, a súa correcta estruturación e a expresión axeitada.

## **OPCIÓN 2**

### **PREGUNTA 1:** 1 punto

Con esta pregunta preténdese avaliar a comprensión do texto e a capacidade que o alumnado ten para visualizar a súa estrutura.

### **PREGUNTA 2:** 2 puntos

Con esta cuestión quérese avaliar a capacidade do alumnado para elaborar un xuízo crítico, ben organizado e argumentado, sobre o que se comenta no texto. Preténdese observar igualmente a súa competencia para expresar eses xuízos nunha composición organizada e cunha expresión lingüística correcta e eficaz.

Concederanse 2 puntos cando a redacción exprese con claridade as opinións, presente teses e argumentos de xeito ordenado, haxa boa organización e secuenciamento lóxico, posúa unha estrutura progresiva e a expresión sexa fluída.

Concederanse 1,5 puntos cando a redacción presente algunha confusión, ambigüidade ou incongruencia na expresión, repetición de ideas -aínda que estean expostas con claridade-, haxa unha organización



pouco rixida do texto, os argumentos non estean ben ordenados e a expresión non sexa fluída.

Concederáse 1 punto cando a redacción sexa deficiente, non se expresen con orde nin claridade as opinións, haxa pouca organización do contido, as ideas aparezan confusas e mal conectadas e a redacción non teña un secuenciamento lóxico.

Concederáse 0,5 puntos cando a redacción e a organización do texto sexan deficientes, haxa repeticións innecesarias, o texto non teña cohesión e resulte difícil a comprensión da intención comunicativa.

Non se concederán puntos cando a redacción sexa moi deficiente, non haxa organización do texto e as ideas aparezan dispersas e inconexas.

### **PREGUNTA 3:** 1 punto

Se o alumno indica correctamente que esta palabra leva til diacrítico (ou para distinguila doutra que se escribe igual e se pronuncia distinta, ou para distinguila de 'compre -do verbo comprar', ou explicacións semellantes), concederánselle 0'2 puntos. Ademais puntuarase con 0'2 puntos cada unha das outras catro formas que sinale que teñen til diacrítico.

### **PREGUNTA 4:** 1 punto

Por cada palabra ben definida concederáse 0'2 puntos.

Preténdese valorar que o alumnado coñeza o significado que ten no texto a palabra indicada e que teña capacidade para explicar este significado. Non é precisa unha definición lexicográfica rigorosa. Non será válida a resposta cando só conteña sinónimos ou tradución a outra lingua.

### **PREGUNTA 5:** 1 punto

Valorarase que na análise se perciba a xerarquía dos elementos da oración e as relacións entre eles, por medio da indicación das funcións sintácticas.

Esta oración podemos entendela como unha construción de pasiva reflexa ou de activa impersonal. Segundo entendamos unha cousa ou outra será distinta a asignación dalgunhas funcións.

As funcións oracionais, coa puntuación que se concederá por marcar cada unha delas, son as seguintes:

- *Xa*: Complemento circunstancial (ou denominacións equivalentes).

- *se*: Marca de impersonalización (do axente) / Marca de pasiva reflexa ou de activa impersonal.

- *ve*: Verbo / Predicado / Núcleo do predicado (ou denominacións equivalentes).

- *que iso das estatísticas non acaba de cadrar*: Se entendemos que é unha pasiva reflexa cumpriría a función de suxeito (ou denominacións equivalentes). En caso de entender que estamos antes unha activa impersonal, a función sería a complemento directo / obxecto directo (ou denominacións equivalentes).

- *iso das estatísticas*: Suxeito (ou denominacións equivalentes).

- *non*: Negación / Complemento circunstancial (ou denominacións equivalentes). (0'05 puntos)

- *acaba de cadrar*: Verbo / Predicado / Núcleo do predicado / Perífrase verbal (ou denominacións equivalentes).

### **PREGUNTA 6:** 1 punto

Preténdese que o alumno demostre o seu coñecemento sobre o concepto de *conflicto lingüístico*, as causas que o provocan e as consecuencias que se derivan desta situación.

### **PREGUNTA 7:** 3 puntos

O alumnado deberá expresar os seus coñecementos sobre as tendencias actuais da literatura galega nos xéneros que se indican. Aínda que se debe facer mención ós autores e obras máis representativos da actualidade, non se considerará correctamente respondida esta pregunta cando se limite a unha listaxe de autores e obras. Terase en conta tamén a coherencia da composición, a súa correcta estruturación e a expresión axeitada.

Ademais dos contidos conceptuais tamén se terá en conta a corrección lingüística do exame, polo que sobre a cualificación global se poderán descontar ata un máximo de 2 puntos por erros ortográficos. Os erros poderán ser:

- *Moi graves*: Aquelas solucións que son alleas ó sistema lingüístico do galego (tempos compostos, mala colocación do pronome persoal átono...). Descontarase 0,2 puntos.

- *Graves*: Solucións ortográficas contrarias á norma lingüística (*b/v, h, y...*). Acentuación diacrítica. Descontarase 0,1 puntos.

- *Leves*: Solucións galegas alleas ó estándar vixente. Acentuación non diacrítica. Penalizaranse con 0,05 puntos.

Só serán aceptadas as solucións ortográficas marcadas polas vixentes *Normas* do 2003.